- Convencións e estratexias conversacionais básicas, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir, colaborar, debater etc.
- Recursos para a aprendizaxe e estratexias básicas de procura de información: dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, recursos dixitais e informáticos etc.
- Identificación da autoría das fontes consultadas e os contidos utilizados.
- Ferramentas analóxicas e dixitais básicas para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas etc.) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Estratexias e técnicas para responder eficazmente a unha necesidade comunicativa básica e concreta de forma comprensible, a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio.
- Estratexias básicas para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar creativamente unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.
- Estratexias e ferramentas básicas de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas.
- Léxico e expresións de uso común para comprender enunciados sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación básica entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas: orixe e parentescos.
- A lingua estranxeira como medio de comunicación interpersoal e internacional, fonte de información e como ferramenta para o enriquecemento persoal.
- Interese e iniciativa na realización de intercambios comunicativos a través de diferentes medios con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos relativos á vida cotiá, ás condicións de vida e ás relacións interpersoais; convencións sociais básicas; linguaxe non verbal, cortesía lingüística e etiqueta dixital; cultura, costumes e valores propios de países onde se fala a lingua estranxeira.
- Estratexias básicas para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Estratexias básicas de detección e actuación ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

UD	Título da UD	Duración
10	Time to celebrate	8

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Comprender e analizar o sentido global e a información específica e explícita de textos orais, escritos e multimodais como libros ilustrados, páxinas web, presentacións de diapositivas, breves e sinxelos sobre temas frecuentes e cotiáns, de relevancia persoal e próximos á experiencia do alumnado, propios dos ámbitos das relacións interpersoais, da aprendizaxe, dos medios de comunicación e da ficción, expresados de forma clara e na lingua estándar a través de diversos soportes.	Comprender o sentido global e explícito de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos sobre temas frecuentes e cotiáns.	PE	74
CA1.2 - Seleccionar e aplicar de forma guiada as estratexias e coñecementos máis adecuados en situacións comunicativas cotiáns para comprender o sentido xeral, a información esencial e os detalles máis relevantes dos textos; interpretar elementos non verbais e buscar información.	Seleccionar e aplicar de forma guiada as estratexias e coñecementos básicos para comprender o sentido xeral dos textos; interpretar elementos non verbais e buscar información.		
CA1.4 - Organizar e redactar, de forma guiada, textos breves e comprensibles, con aceptable claridade, coherencia, cohesión e adecuación á situación comunicativa proposta, seguindo pautas establecidas, a través de ferramentas analóxicas e dixitais, sobre asuntos cotiáns e frecuentes, de relevancia para o alumnado e próximos á súa experiencia.	Organizar e redactar, de forma guiada, textos breves e comprensibles, con aceptable claridade.		
CA1.5 - Seleccionar, organizar e aplicar de forma guiada coñecementos e estratexias para planificar, producir e revisar textos comprensibles, coherentes e adecuados ás intencións comunicativas, ás características contextuais e á tipoloxía textual, usando con axuda os recursos físicos ou dixitais máis adecuados en función da tarefa e as necesidades de cada momento.	Seleccionar e aplicar de forma guiada coñecementos e estratexias para producir textos comprensibles. usando con axuda os recursos físicos ou dixitais máis adecuados.		
CA2.2 - Utilizar e diferenciar, de forma progresivamente autónoma, os coñecementos e estratexias de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Utilizar os coñecementos e estratexias de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.		
CA2.3 - Identificar e rexistrar, de forma guiada, os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira, seleccionando, con axuda, as estratexias máis eficaces para superar esas dificultades e realizar progresos na súa aprendizaxe, facéndoo explícitos e compartíndoos, por medio de actividades de autoavaliación e coavaliación (como as propostas no Portfolio Europeo das Linguas [PEL] ou nun diario de aprendizaxe).	Identificar e rexistrar, de forma guiada, os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira, seleccionando, con axuda, as estratexias máis eficaces para superar esas dificultades		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Expresar oralmente textos breves, sinxelos, estruturados, comprensibles e adecuados á situación comunicativa sobre asuntos cotiáns e frecuentes, de relevancia para o alumnado, co fin de describir e producir narracións sobre temas concretos, en diferentes soportes, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, así como estratexias básicas de planificación.	Expresar oralmente textos breves, sinxelos e comprensibles.		
CA1.6 - Planificar e participar en situacións interactivas breves e sinxelas sobre temas cotiáns, de relevancia persoal e próximos á experiencia do alumnado, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital, así como polas diferentes necesidades, ideas, inquietudes, iniciativas e motivacións das interlocutoras e dos interlocutores.	Planificar e participar en situacións interactivas breves e sinxelas, , apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal e mostrando respecto.		
CA1.7 - Seleccionar, organizar e utilizar, de forma guiada e en contornas próximas, estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, e solicitar e formular aclaracións e explicacións.	Seleccionar e utilizar, de forma guiada, estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación e tomar e ceder a palabra.		
CA1.8 - Inferir e explicar textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas, de forma guiada, en situacións nas que atender á diversidade, mostrando respecto e empatía polas interlocutoras e os interlocutores e polas linguas empregadas, e interese por participar na solución de problemas de intercomprensión (entre distintas linguas) e de entendemento na súa contorna próxima, apoiándose en diversos recursos e soportes.	Explicar comunicacións breves e sinxelas, de forma guiada, mostrando respecto e empatía polas interlocutoras e os interlocutores e polas linguas empregadas, e interese por solucionar problemas.	TI	26
CA1.9 - Aplicar, de forma guiada, estratexias que axuden a crear pontes e faciliten a comprensión e produción de información e a comunicación, adecuadas ás intencións comunicativas, usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Aplicar, de forma guiada, estratexias que faciliten a comprensión e produción de información e a comunicación, usando, con axuda, recursos básicos en función das necesidades de cada momento.		
CA2.1 - Comparar e contrastar as semellanzas e diferenzas entre distintas linguas reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre aspectos esenciais do seu funcionamento.	Comparar e contrastar as semellanzas e diferenzas entre distintas linguas.		
CA3.1 - Actuar de forma empática e respectuosa en situacións interculturais, construíndo vínculos entre as diferentes linguas e culturas, rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiáns.	Actuar de forma respectuosa en situacións interculturais, rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiáns.		
CA3.2 - Aceptar e adecuarse á diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira recoñecéndoa como fonte de enriquecemento persoal e mostrando interese por compartir elementos culturais e lingüísticos que fomenten a sustentabilidade e a democracia.	Aceptar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Aplicar, de forma guiada, estratexias para explicar e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos e respectando os principios de xustiza, equidade e igualdade.	Aplicar, de forma guiada, estratexias para explicar e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias e técnicas para a adquisición de autoconfianza. O erro como instrumento de mellora e proposta de reparación. - Estratexias básicas para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais. - Coñecementos, destrezas e actitudes que permitan detectar e colaborar en actividades de mediación en situacións cotiás sinxelas. - Funcións comunicativas básicas adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos e lugares; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no espazo; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; dar e pedir instrucións e ordes; ofrecer, aceptar e rexeitar axuda, proposicións ou suxestións; expresar parcialmente o gusto ou o interese e emocións básicas; narrar acontecementos pasados, describir situacións presentes e enunciar sucesos futuros; expresar a opinión e a posibilidade, a capacidade, a obrigación e a prohibición. - Modelos contextuais e xéneros discursivos básicos na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: características e recoñecemento do contexto (participantes e situación), expectativas xeradas polo contexto; organización e estruturación segundo o xénero e a función textual. - Unidades lingüísticas básicas e significados asociados ás devanditas unidades tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, relacións lóxicas básicas. - Léxico de uso común e de interese para o alumnado, relativo á identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornas próximos, lecer e tempo libre, vida cotiá, saúde e actividade física, vivenda e fogar, clima e contorna natural, tecnoloxías da información e da comunicación. - Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos, e significados e intencións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns. - Convencións ortográficas básicas e significados e intencións comunicativas asociados aos formatos, patróns e elementos gráficos. - Convencións e estratexias conversacionais básicas, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir, colaborar, debater etc. - Recursos para a aprendizaxe e estratexias básicas de procura de información: dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, recursos dixitais e informáticos etc. - Identificación da autoría das fontes consultadas e os contidos utilizados. - Ferramentas analóxicas e dixitais básicas para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas etc.) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira. - Estratexias e técnicas para responder eficazmente a unha necesidade comunicativa básica e concreta de forma comprensible, a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio. - Estratexias básicas para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar creativamente unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o

Contidos

- repertorio lingüístico persoal.
- Estratexias e ferramentas básicas de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas.
- Léxico e expresións de uso común para comprender enunciados sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación básica entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas: orixe e parentescos.
- A lingua estranxeira como medio de comunicación interpersoal e internacional, fonte de información e como ferramenta para o enriquecemento persoal.
- Interese e iniciativa na realización de intercambios comunicativos a través de diferentes medios con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos relativos á vida cotiá, ás condicións de vida e ás relacións interpersoais; convencións sociais básicas; linguaxe non verbal, cortesía lingüística e etiqueta dixital; cultura, costumes e valores propios de países onde se fala a lingua estranxeira.
- Estratexias básicas para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Estratexias básicas de detección e actuación ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Seguindo o Marco Común Europeo de Referencia, a nosa METODOLOXÍA deberá ser activa, participativa, progresiva e continuada; a isto responde a total transversalidade dos bloques da nosa materia, pois todos están incorporados en todas as unidades de maneira integrada.

O noso labor docente terá un enfoque orientado á acción a través de deseños fundamentados na análise de necesidades e construídos arredor de tarefas da vida real. A este respecto, a lingua inglesa debe ter unha presenza activa non só dentro da aula senón tamén no centro educativo en xeral; o profesorado debe fomentar que as situacións cotiás de comunicación oral co alumnado se desenvolvan en inglés.

Dentro das aulas, o traballo colaborativo en grupos reducidos e heteroxéneos, a titoría entre iguais, a aprendizaxe por proxectos e outras dinámicas de ensino cooperativo que promoven a inclusión do alumnado de diferentes niveis favorecerán a integración e a socialización, a función comunicativa e a adquisición das competencias clave e fomentarán o espírito científico e crítico e o emprendemento, conforme se nos solicita na ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011 do 7 de decembro e que regula a atención á diversidade no seu Artigo 45.

Prestarase, asemade, especial atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE) proporcionándolles materiais de reforzo.

Finalmente o uso das tecnoloxías como recurso motivador e favorecedor de espazos comunicativos tales como programas internacionais e/ou plataformas de intercambio e cooperación; o fomento da comprensión oral mediante a utilización de recursos audiovisuais variados, adecuados, motivadores e, na medida do posible, auténticos e o uso da lectura en inglés a través de diversos soportes coa necesaria gradación atendendo á diversidade das aulas, fornecerán a autoconfianza no alumnado e o avance no coñecemento e na adquisición da lingua.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Manual da editorial (Libro e/ou caderniño do alumnado). Teamwork 1. Edit. Burlington. Materiais impresos e dixitais do libro de texto TEAMWORK 1 All-in-One Pack edit. Burlington.
Recursos Dixitais do libro de texto.
Materiais de consulta de elaboración propia
Actividades interactivas para a práctica e uso da lingua
Recursos audiovisuais auténticos
Equipos informáticos
Plataformas virtuais de aprendizaxe

Os MATERIAIS E RECURSOS utilizados serán variados, en formato analóxico e dixital (libro dixital, videos educativos). O seu deseño será inclusivo para adaptarse á diversidade do alumnado, terán un enfoque comunicativo e comprensivo. Poderán ser de creación propia, elaborados a través de ferramentas dixitais como as dispoñibles nas plataformas virtuais de aprendizaxe corporativas ou de outras ferramentas. Asemade, poderán obterse en webs especializadas no ensino do inglés, sempre que sexan de dominio público ou teñan licenza creative commons. Tamén se utilizarán materiais impresos (diccionarios, cadernos de actividades, fichas, mapas...)

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

AVALIACION INICIAL

Ao comezo do curso, e coa finalidade de adecuar o ensino da materia ao alumnado e facilitar a progresión satisfactoria do seu proceso de aprendizaxe, realizarase unha avaliación inicial que será o punto de referencia para a toma de decisións relativas ao desenvolvemento do currículo, así como para adoptar as medidas de apoio, reforzo e recuperación que se consideren oportunas para cada alumno/a.

Será básica a coordinación de todo o profesorado que imparta docencia no grupo co fin de tomar medidas conxuntas que faciliten o progreso do alumno/a.

Desenvolverase a través dos seguintes procedementos:

1. Dinámicas de cohesión de grupo
2. Cuestionario de lecer e afeccións
3. Proba de nivel
4. Xogo que desenvolva a destreza lingüística oral (por exemplo, Find someone who, One minute talks..)

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	2	6	7	8	9	12	12	14	15	15
Proba escrita	74	74	74	72	74	74	74	74	72	74
Táboa de indicadores	26	26	26	28	26	26	26	26	28	26

Unidade didáctica	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	100
Proba escrita	74
Táboa de indicadores	26

Crterios de cualificación:

A AVALIACIÓN será Continua e progresiva, xa que cando o progreso do alumnado non é o adecuado, estableceráanse medidas de Reforzo educativo. Estas medidas adoptaránse en calquera momento do curso, tan axiña como se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias básicas para continuar o proceso formativo.

En cada avaliación realizaránse como mínimo dúas probas escritas cos contidos específicos asociados aos diferentes criterios de avaliación.

70 % da nota da avaliación estará formado por Probas escritas:
 comprensión escrita 15% comprensión oral 15% expresión escrita 20% gramática 10% vocabulario 10%

30 % restante conformado por:

a. Tarefas avaliábeis, de consolidación, reforzo e ampliación que se propoñan para casa, traballo diario na aula con participación activa, observación directa na aula e organización da libreta de clase. 15%.

Estas tarefas estarán avaliadas mediante rúbricas, táboas de cotexo, etc como instrumento de avaliación.

b. Actividades orais, que poderán consistir en diálogos, dramatizacións (primeiro trimestre) realizadas en parellas, grupos, descripcións de imaxes, lecturas extraídas do libro de texto ou dos libros de lectura (segundo trimestre) e presentacións (terceiro trimestre) . 15%

Estas actividades serán avaliadas mediante rúbricas, táboas de cotexo, etc.

Para acadar a cualificación final da avaliación ordinaria de xuño, teránse en conta as avaliacións dacordo coa seguinte ponderación:

O primeiro trimestre terá un peso do 10% da cualificación final.

O segundo trimestre terá un peso do 20% da cualificación final.

O terceiro trimestre terá un peso do 70% da cualificación final.

A avaliación será positiva cunha cualificación igual ou superior a 5.

Non obstante, prevalecerá sobre as ponderacións a seguinte consideración:

O alumno que acadar un 5 na 3ª avaliación, superará a materia por ser avaliación progresiva.

Criterios de recuperación:

Dado o carácter continuado e progresivo da materia, unha cualificación negativa nalgún trimestre poderá ser recuperada mediante unha nota superior nos seguintes trimestres, sen necesidade de repetir probas e sempre tendo en conta a evolución positiva do alumnado.

No caso de non obter unha cualificación de 5 na avaliación final, o alumno/ a, poderá recuperar a materia mediante unha proba escrita baseada nos contidos traballados durante todo o curso e na que deberá acadar unha cualificación de 5 ou superior a 5 .

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

1 O alumnado coa materia pendente seguirá un plan de recuperación que consistirá na realización de tarefas ou actividades. As tarefas serán entregadas directamente pola profesora ou a través da AV.

Deste xeito , o alumnado superará a materia pendente se demostra un rendemento continuado e progresivo deste plan durante as dúas primeiras avaliacións.

2 De non acadar unha cualificación positiva, o alumnado terá a oportunidade de superar a materia pendente realizando unha proba obxectiva escrita na data sinalada por xefatura de estudos. Esta proba centrarase na comprensión escrita (20%) , produción escrita (40%), así como unidades lingüísticas e léxico necesarias para as funcións comunicativas básicas. (40%)

3 Finalmente, a obtención dun 5 na segunda avaliación do curso actual implica a recuperación da materia pendente.

6. Medidas de atención á diversidade

AS MEDIDAS ORDINARIAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE responden ás instrucións da orde do 8 de setembro de 2021 que regula a atención á diversidade do alumnado.

En coordinación co profesorado titor e o departamento de Orientación, deseñase unha avaliación inicial que facilite a detección das necesidades do alumnado. As medidas de atención á diversidade serán as seguintes:

1. Adaptación dos graos de consecución dos criterios de avaliación.
2. Gradación da dificultade das actividades de aprendizaxe.
3. Actividades diversas e variadas adaptadas aos distintos ritmos de aprendizaxe.
4. Materiais e recursos diversificados e inclusivos que se adapten ás necesidades individualizadas do alumnado.
5. Actividades de reforzo e consolidación.
6. Aprendizaxe por Proxectos.
7. Traballo colaborativo.
8. Procedementos e Instrumentos de avaliación variados e individualizados.
9. Flexibilidade nos tempos de realización de tarefas e probas.
10. Retroalimentación ao alumnado sobre o seu proceso de aprendizaxe.

MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE.

CONCRECIÓN DO PROTOCOLO DE ATENCIÓN AO ALUMNADO con necesidades específicas de apoio educativo.

ADAPTACIÓN DOS PROCEDEMENTOS e INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN nas probas ou exames:

- Calendario de exames: dar as datas, polo menos, cunha semana de antelación.
- Estructura e formato da proba: Reducir o número de preguntas por folia de exame, marcar de negrita ou con cor as palabras clave do enunciado. Se a pregunta ten dúas partes marcarllo dalgunha maneira. O conveniente é que non se de máis dunha instrución en cada exercicio.
 - Complementar os exames escritos de forma oral cando se observe que están incompletos.
 - Asegurarse que entende o enunciado.
 - Axudarlle a controlar o tempo, recordándolle, de cando en vez, o tempo que queda de maneira que lle axude a planificarse.
 - Antes de entregar o exame hai que recordarlle que o revise.
 - Cando entregue a proba, o profesor debe comprobar si quedaron respostas en branco e verificar si é porque o alumno/a non as sabe ou porque non se dou conta de repostalas.
 - Deixar máis tempo para as probas escritas, incluso non descartar dividilas en dúas sesións.
 - Modificar o formato da pregunta: tipo test, algunha parte oral, pregunta corta...

- Ademais, se o alumnado é obxecto de Reforzo educativo, ben por parte do profesor/a de materia, ben por parte do profesor/a de pedagogía terapéutica ou audición e linguaxe, teremos en conta tamén os criterios que se relacionan a continuación a sabendas de que a nota global da materia nos distintos documentos de avaliación vai marcada como Reforzo educativo:

- Redúcense os apartados procedimentais, é dicir, hai unha menor cantidade de exercicios, dado que se trata de alumnos con algunha dificultade de comprensión e cun ritmo de traballo máis lento.

- Os procedementos poden ter un exemplo de cómo realizar o exercicio, para facilitar a súa comprensión.
- As preguntas abertas veñen pautadas no enunciado ou a través dun guión previo.
- As definicións poden estar máis pautadas e trátase de que os alumnos vaian poñendo as palabras clave da definición entre varias opcións. Neste caso pódese optar por:

- Poñer máis conceptos que os que ten a definición.
- Poñer menos conceptos que os que ten a definición para que o alumno a complete.
- Os contidos presentados ó longo do curso serán adaptados ó diverso tipo de alumnado de diferentes maneiras:
- As actividades e tarefas serán gradadas, atendendo a distintos graos de dificultade, así, os alumnos que teñan un nivel máis alto de competencia lingüística terán a posibilidades de seguir avanzando proporcionándolles traballo adaptado ao seu nivel.

- Repetir as informacións e explicacións as veces que sexa preciso.
- Cambiar o formato das tarefas para evitar a monotónia e o desinterese. Permitirlle ao alumno en ocasións escoller entre distintos tipos de tarefas para que esté máis implicado no seu cumprimento.

- Dividir as tarefas en etapas breves.
- En caso de ter alumnos con problemas diagnosticados (TDAH, TEA.) trataremos nas reunións en colaboración co departamento de orientación o camiño a seguir, quedando constancia nas actas do departamento. Valorarase a calidade do traballo realizado, máis que a cantidade. Ofrecerase ó alumnado a posibilidade de acceder a material extra para poder traballar de maneira autónoma.

- Realizaranse de vez en cando actividades de repaso para reforzar calquera aspecto da lingua que necesite revisión.

- Os libros de lectura poderán ser escollidos de acordo co nivel de coñecementos do alumno.

ALUMNADO QUE PRECISA APLICARSE MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE:

Na avaliación inicial, prevista para a primeira semana de Outubro, no caso de que haxa alumnado con necesidades específicas de apoio educativo NEAE, realizaranse as modificacións e adaptacións necesarias atendendo ao seguinte protocolo:

1. Calendario de exames: dar as datas con unha semana ou máis de antelación.
2. Reducir o número de preguntas por folia de exame.
3. Marcar en negrita as palabras claves do enunciado
4. Complementar os exames escritos de forma oral cando se observen que están incompletos.
5. Asegurarse que entende ben o enunciado.

No caso de haber alumnado que sexa obxecto de Reforzo educativo, ao longo do curso, teremos en conta tamén criterios como:

• Reducir a cantidade de exercicios, amosarlle exemplos de cómo realizar o exercicio para facilitar a comprensión etc. Ultimamente está sendo frecuente a incorporación de alumnos co curso empezado. Có fin de determinar os coñecementos de inglés que ten dito alumno, o profesor encargado do curso lle propondrá unha serie de probas tanto escritas como orais para determinar se se pode incorporar ao grupo sen problemas ou se necesita reforzo. En caso de necesitar Reforzo educativo, se lle darán ao alumno exercicios de repaso e se lle prestará especial atención. No caso de que as dificultades sexan moi grandes, poñeríamos o caso en coñecemento de Xefatura de Estudos e Orientación para ver posibles medidas a adoptar.

PROTOCOLO DE SEGUIMENTO DO ALUMNADO QUE PERMANECE UN ANO MÁIS NO MESMO CURSO:

Plan específico personalizado para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que permaneza un ano máis no mesmo curso

En cumprimento do artigo 52 da Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado, o equipo docente coordinado polo profesorado titor elaborará un plan específico personalizado que ten como finalidade adaptar as condicións curriculares ás necesidades da alumna ou do alumno, para tratar de superar as dificultades detectadas.

O plan específico personalizado debe incluír, cando menos:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.

f) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.

g) Acreditación da información á familia.

O plan específico personalizado consistirá na realización de tarefas baseadas nos contidos mínimos .Realizaráse o seguimento, e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan ao longo do curso.. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión de lectura	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - A comunicación audiovisual	X		X					
ET.4 - A competencia dixital		X	X					
ET.5 - A educación emocional e en valores				X				
ET.6 - A igualdade de xénero						X		
ET.7 - A creatividade		X				X		
ET.8 - A educación para a saúde							X	
ET.9 - O respecto mutuo e a cooperación entre iguais.				X			X	
ET.10 - A educación para a sustentabilidade e o consumo responsable				X				
ET.11 - O emprendemento social e empresarial					X		X	
ET.12 - O fomento do espírito crítico e científico		X						X

	UD 9	UD 10
ET.1 - Comprensión de lectura	X	
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	
ET.3 - A comunicación audiovisual		
ET.4 - A competencia dixital		
ET.5 - A educación emocional e en valores	X	

	UD 9	UD 10
ET.6 - A igualdade de xénero		
ET.7 - A creatividade		
ET.8 - A educación para a saúde		
ET.9 - O respecto mutuo e a cooperación entre iguais.	X	
ET.10 - A educación para a sustentabilidade e o consumo responsable		
ET.11 - O emprendemento social e empresarial		
ET.12 - O fomento do espírito crítico e científico		

Observacións:

As unidades de aprendizaxe caracterízanse por desenvolver proxectos contextualizados na vida real, polo que se tratan todos os elementos transversais recollidos no currículo ao longo de todo o curso.

A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a competencia dixital e o respecto mutuo e a cooperación entre iguais son elementos transversais presentes en todas as nosas unidades, pois as dúas primeiras son aspectos esenciais na aprendizaxe das linguas, e as dúas últimas son inherentes ao traballo colaborativo para crear un produto que precisa do concurso das TIC.

A educación emocional e en valores, a igualdade de xénero, a creatividade, a educación para a saúde, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o emprendemento social e empresarial e o fomento do espírito crítico e científico son elementos tratados en determinadas unidades do curso.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Sesión de teatro en inglés	o alumnado terá a oportunidade de gozar dunha obra artística na lingua inglesa, posteriormente realizar unha posta en común das impresións suscitadas.		X	

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Presento actividades para detectar os coñecementos previos de cada unidade.
Reviso e corrixo de forma habitual as actividades propostas na aula e fóra dela.

Proporciono información aos alumnos/as sobre o seu desempeño nas actividades e proxectos propostos, ofrecéndolle pautas para mellorar.
Emprego dispositivos audiovisuais, dixitais ou de outro tipo que poidan axudar ao desenvolvemento das explicacións e actividades propostas.
Emprego actividades atendendo á diversidade e ás distintas necesidades detectadas.
Presento actividades individuais e grupais encamiñadas á adquisición dos obxectivos.
Propoño actividades de reforzo e ampliación para os alumnos/as que o necesiten.
Emprego distintas estratexias metodolóxicas para responder aos distintos ritmos de aprendizaxe.
Fomento a animación a lectura e estratexias de comprensión escrita.
Incorporo as TIC ao proceso de ensino-aprendizaxe.
Emprego distintos procedementos e instrumentos de avaliación en función das características dos grupos e dos alumnos/as.
Informo ao alumnado e ás familias dos progresos e dificultades.

Descrición:

Profesorado e alumnado, ao termo de cada trimestre, responderán a un cuestionario con estes indicadores coa fin de avaliar a práctica docente do proceso de aprendizaxe.

O grao de consecución será:

Sempre
 Ás veces
 Nunca

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A avaliación da programación do departamento é necesaria para a mellora do proceso de ensino-aprendizaxe. Esta avaliación debe ser continua e levarase a cabo ao longo de todo o curso nas reunións de departamento, o que permitirá facer os axustes necesarios para conseguir a mellora dos resultados obtidos.

Nas reunións semanais os membros do departamento analizarán e valorarán o proceso de ensino-aprendizaxe: o ritmo ao que se desenvolve a programación, as posibles causas que dificultan o seu normal desenvolvemento, a consecución ou non dos obxectivos marcados, etc. Ademais, trimestralmente, antes e despois das sesións de avaliación, nas reunións de departamento farase un seguimento detallado da marcha do curso que incluírá todos os aspectos, dende o seguimento da programación e a consecución dos seus obxectivos, ata a disciplina do alumnado, a adecuación dos ítems programados, a adecuada secuenciación dos contidos e os obxectos de aprendizaxe, etc.; é dicir, todos aqueles factores que axuden a que a avaliación da programación sexa satisfactoria. Na reunión do departamento posterior ás sesións de avaliacións analizaranse os resultados obtidos polo alumnado, indagando nas causas que puideron existir cando estes resultados non sexan satisfactorios e reflexionando sobre como melloralos.

O seguimento da programación farase a través da aplicación PROENS ao remate de cada unidade didáctica, referenciando cada elemento relevante nas mesmas (temporalización, secuenciación, grao de cumprimento e propostas de mellora).

Nas reunións de final de curso previas á memoria final do departamento analizarase a idoneidade ou non da metodoloxía utilizada, da secuenciación prevista, dos materiais didácticos utilizados, da adecuación dos criterios de avaliación, da contribución á adquisición das competencias clave, etc.

9. Outros apartados